III Certame Fotográfico

"Galeg@s: CIDADANÍA ACTIVA"

fundación
GALICIA EUROPA

III Certame Fotográfico

"Galeg@s: CIDADANÍA ACTIVA"

O 9 de maio de 1950, Robert Schuman pronunciaría a famosa declaración que hoxe leva o seu nome e na que sentaba as bases da construción europea. Esta data conmemórase cada ano coa celebración do Día de Europa, no que os Estados membros da UE organizan diversas actividades de sensibilización cos asuntos comunitarios.

Neste contexto, a Fundación Galicia Europa organiza por terceiro ano consecutivo un certame fotográfico ligado á temática do Ano Europeo, neste 2011 dedicado ao voluntariado. Nesta ocasión, a FGE quere plasmar de xeito máis amplo as diversas formas de participación social, polo que convoca o concurso "Galeg@s: cidadanía activa".

Temática:

Con motivo do Ano Europeo do Voluntariado 2011 a Fundación Galicia Europa convoca o certame fotográfico "Galeg@s: cidadanía activa". Alentamos aos participantes a captar instantáneas nas que plasmen a súa particular visión das diversas fórmulas de participación social levadas a cabo en Galicia arredor destes catro eixos:

Asociacionismo xuvenil: implicación da mocidade galega nos asuntos sociais.

Voluntariado: actividades sen ánimo de lucro que redunden no benestar das nosas comunidades.

Ecoloxismo: accións encamiñadas á defensa e conservación do medio ambiente galego.

Valores democráticos: pluralismo, tolerancia, dereitos das minorías, convivencia da diversidade…

< >

fundación
GALICIA EUROPA

III Certame Fotográfico

"Galeg@s: CIDADANÍA ACTIVA"

Participantes:

Poderán participar fotógrafos afeccionados galegos, ou residentes en Galicia, maiores de 18 anos. O certame non contempla límite de idade pero exclúe aos fotógrafos profesionais.

Formato:

Os participantes poderán presentar unha única fotografía, ben en cor ou branco e negro. Non se admitirán montaxes, nin manipulacións dixitais máis alá dos tratamentos de cor, axustes relativos á calidade, procesado ou tamaño.

As imaxes deberán ser enviadas en formato JPEG coa resolución suficiente para a súa impresión sen perda de calidade. Non se premiarán as fotografías que incumpran estes requisitos.

Presentación:

As obras poderán ser entregadas persoalmente ou enviadas por correo postal en soporte informático (CD ou USB) á oficina de Santiago de Compostela da FGE (Rúa dos Feáns, 3C baixo, 15706).

fundación GALICIA EUROPA

Forma de presentación:

Cada participante deberá entregar dous sobres pechados co seu seudónimo escrito na parte exterior:

-no primeiro figurará un documento co título da foto, os seus datos persoais (nome e apelidos, fotocopia do DNI, dirección, teléfono e correo electrónico) e unha declaración xurada de non dedicarse profesionalmente ao mundo da fotografía ou da imaxe.

-no segundo a imaxe en CD ou USB co seu título e unha breve descrición da mesma nun arquivo de texto.

Non se premiarán as candidaturas que non cumpran estritamente estas condicións.

Prazo de presentación:

O prazo de presentación comeza o 9 de maio, Día de Europa, e remata o 17 de xuño de 2011.

Xurado:

O xurado será presidido polo director-apoderado da Fundación Galicia Europa ou persoa en quen delegue e estará composto por un representante da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), un técnico da Fundación Galicia Europa e dúas persoas vinculadas ao mundo da imaxe e dos médios de comunicación. Os seus integrantes daranse a coñecer xunto co fallo.

Ao xurado correspóndelle estimar e deliberar sobre os traballos presentados. Os premios poderán ser declarados desertos se así o consideran os seus membros, se as fotografías presentadas non reunisen os méritos suficientes ou non se axustasen ás condicións estipuladas nestas bases. A decisión do xurado comunicarase aos premiados e publicarase na páxina web da FGE (www.fundaciongaliciaeuropa.eu).

Premios:

De todas as obras presentadas elexiranse tres para obter os seguintes galardóns:

Primeiro premio: 500 euros
Segundo premio: 300 euros
Terceiro premio: 200 euros

As obras premiadas máis as imaxes finalistas –cuxo número determinará o xurado- formarán parte dunha exposición a determinar pola FGE.

Resolución e entrega de premios:

A decisión do xurado farase pública na segunda quincena de xuño. A aceptación do premio compromete a presenza dos galardoados e finalistas no acto de entrega de premios, que coincidirá coa inauguración da mostra das imaxes gañadoras e finalistas.

Dereitos e autoría:

Os concursantes premiados e finalistas ceden os dereitos de explotación das fotografías que presenten ao certame. A participación implica a plena e total aceptación destas bases así como a renuncia a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría. Tanto as imaxes premiadas como as finalistas pasarán a ser propiedade da Fundación Galicia Europa.

III Certame Fotográfico

"Galeg@s: CIDADANÍA ACTIVA"

III CERTAME FOTOGRÁFICO "GALEG@S: CIDADANÍA ACTIVA"	
ORGANIZA	Fundación Galicia Europa
OBRAS	Tema: "Gales@s: cidadanía activa" Asociacionismo xuvenil Voluntariado Ecologismo Valores democráticos
PREMIOS	1º premio: 500 € 2º premio: 300 € 3º premio: 200 €
DATA LÍMITE DE ADMISIÓN DAS OBRAS	17 de xuño de 2011
LUGAR DE PRESENTACIÓN	Fundación Galicia Europa Rúa dos Feáns 3C baixo, 15706 Santiago de Compostela
MÁIS INFORMACIÓN	Tel: 981 541012 www.fundaciongaliciaeuropa.eu

fundación
GALICIA EUROPA

III Certame Fotográfico

"Galeg@s: CIDADANÍA ACTIVA"

Entidades membro da Fundación Galicia Europa:

XUNTA DE GALICIA · Banco Pastor · CAIXA GALICIA · caixanova · ZFV Consorcio Zona Franca de Vigo · Cámaras Galicia · Deputación de Coruña · Deputación Provincial de Lugo · Deputación Ourense · Deputación de Pontevedra

Colaboran:

2011: Año Europeo del Voluntariado · hablamos deeuropa · AGADIC

fundación GALICIA EUROPA